



Avaliación de 3º de primaria

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA AS FAMILIAS

Diante da confusión xerada pola aparición, nos últimos días, de informacións erróneas a respecto da **proba de 3º de Primaria** que terá lugar os días 27 e 28 deste mes, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria quere facer as seguintes precisións:

- En primeiro lugar transmitir unha mensaxe de **tranquilidade** sobre a avaliación, xa que é moi semellante á que se lle viña aplicando ao alumnado de 4º de Primaria nos últimos cinco anos. Agora faise un curso antes, o que permite anticiparnos un ano na detección de posibles dificultades no proceso de aprendizaxe e de ensino e, deste xeito, poder corrixilas. A maiores, as familias van coñecer os resultados obtidos polos seus nenos e nenas nas competencias de comunicación lingüística e matemática, información da que non dispoñían ata o de agora.
- Ao contrario do que se está difundindo estes días, **non se trata de ningunha reválida** que o alumno/a teña que superar, senón que é unha proba individualizada de **carácter estritamente informativo e orientador**. É dicir, **os resultados obtidos non repercutirán no expediente académico** do alumno/a.
- **É igualmente falso que os resultados se vaian empregar para facer clasificacións de alumnos ou para establecer rankings de centros.**
- Tampouco é unha avaliación externa, xa que a **administración educativa tan só proporciona os materiais, e son os propios profesores dos centros os encargados de aplicala e corrixila.**
- As familias deben saber, igualmente, que **as probas están adaptadas á idade dos nenos e nenas** que as van realizar, e ao currículo de 3º de Primaria, que é o que están cursando. No caso do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, os centros son os encargados de establecer as medidas máis axeitadas para que as condicións de realización da avaliación se adapten ás súas necesidades.
- En definitiva, esta proba é moi semellante a outras actividades de avaliación que se realizan de xeito habitual durante o curso. Polo tanto, **debe entenderse como unha ferramenta metodolóxica máis, que axuda aos centros educativos e ás familias a ter información adicional sobre a evolución do alumno/a. Información que non inflúe no seu expediente académico, pero que permite, no caso de detectarse algunha carencia, actuar de xeito personalizado e específico para solucionarla.**
- Esta avaliación require da colaboración de todos os membros da comunidade educativa, a quen desde aquí animamos e agradecemos o seu esforzo e reiteramos a importancia de contar coa participación do alumnado.

